



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ODONTÓLOGOS E ESTOMATÓLOGOS DA CORUÑA (ICOEC) PARA A ATENCIÓN ODONTOLÓXICA DE MENORES TUTELADOS OU EN GARDA POLA XUNTA DE GALICIA NA CLINICA SOCIAL DE ODONTOLOXÍA DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

*Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar có **ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ODONTÓLOGOS E ESTOMATÓLOGOS DA CORUÑA (ICOEC)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2016.*

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e o ICOEC en virtude do cal os/as menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que estean baixo a protección da xefatura territorial da Consellería na Coruña podan acceder ao servizo de asistencia odontolóxica e protésica do ICOEC na clínica social da Coruña.

Os tratamentos odontolóxicos referidos neste convenio serán os excluídos de Servizo Galego de Saúde conforme á Lei 7/2003, do 9 de decembro de 2003, de ordenación sanitaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Poñer a dispor dos/das menores que se atopan baixo o sistema de protección da Xunta de Galicia dun recurso a través do cal se levan a cabo actividades de coordinación e programación da participación dos colexiados, promovendo e fomentando iniciativas públicas ou privadas que teñan por obxecto unha maior eficacia asistencial, entre as que se inclúen a prestación de servizos de atención odontolóxica. Con esta finalidade puxo en funcionamento no ano 2015 unha clínica social na Coruña, que ten por obxectivo prestar asistencia de odontoloxía (medidas preventivas ou de tratamento que palíen as afeccións bucodentais) a colectivos de diversas institucións, entre os que se atopa o colectivo de menores tutelados/das ou en garda pola Xunta de Galicia.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrencia pública”.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia, preténdese realizar con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, poidendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anos naturais sucesivos, agás denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha antelación de tres meses á data do remate de vixencia do mesmo.

A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio será de 250 usuarios aproximadamente, acollidos no sistema de protección da Consellería de Política Social na Coruña.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

